

Varios

Na CIG-Ensino consideramos unha falta de respecto institucional que o presidente da Mesa Sectorial de Educación non estea presente no órgano de negociación existente entre a administración e as organizacións sindicais. Hai que lembrarlle ao Director Xeral de Centros e Recursos Humanos que ten unha función representativa que non debe delegar, polo que nos negamos a presentar ningunha achega no apartado de Rogos e Preguntas.

En calquera caso, as nosas aportacións seranlle remitidas por escrito aos responsábeis da administración para que as teñan en consideración e esperamos que tomen nota de cara a vindeiras convocatorias da Mesa de negociación.

Oposicións.

Corrección de erros da convocatoria.

A CIG-Ensino mantén as reclamacións que presentamos no seu día na Mesa Sectorial sobre as oposicións con respecto ás titulacións concordantes para quedar en listaxes de substitución sen aprobar a primeira proba. Mantemos, polo tanto, o alegado aquí con respecto aos Graos e á Diplomatura de Relacións Laborais que aparecían como titulacións afíns en 2014 para integrar a listaxe de substitucións da especialidade de **Procesos Comerciais** e que agora non se contemplan. A isto engadimos a antiga **Diplomatura de Turismo**, que si aparecía no borrador que veu a esta Mesa Sectorial e que desapareceu do texto da orde finalmente publicada. Son moitas as persoas que se dirixiron a nós para esixir que tanto o **Grao como a Diplomatura en Turismo** sigan sendo consideradas titulacións afíns.

En xeral, pedímoslle á Consellaría que recapacite e que inclúa en todos os casos a concordancia entre as antigas licenciaturas e enxeñarías cos actuais graos. De feito, nun primeiro momento e ante as dúbidas suscitadas entre o persoal opositor podía pensarse que era un erro ou mesmo un esquecemento na redacción da convocatoria. E cónstannos que incluso funcionarios e funcionarias da Consellaría así informaron ás persoas que se puxeron en contacto coa administración para preguntar por que aparecían as

licenciaturas e non os graos dos mesmos estudos. Neste sentido, tamén recibimos queixas na especialidade de **Procesos Comerciais** de titulados e tituladas en **Publicidade** que ven como só se contempla a **antiga licenciatura** e ao revés, persoas que teñen a **antiga Enxeñaría Química** e que se verán obrigadas a aprobar a primeira proba da oposición na especialidade de **Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos**, mentres que o actual Grao si que se acepta. Con respecto a esta reclamación, o pasado 3 de abril remitímoslle ao conselleiro unha comparativa pormenorizada dos plans de estudos da antiga Enxeñaría Química e do actual Grao para que comprobase como as diferenzas existentes entre ambas titulacións non xustifican que a primeira quede excluída do listado de estudos habilitantes para realizar substitucións na especialidade do corpo de PES xa mencionada, así como da do corpo de Profesorado Técnico de FP, **Instalacións e mantemento de equipos térmicos e de fluídos**, na que só aparece recollido o **Grao en Enxeñaría Química Industrial**.

Como vimos de indicar, son moitas as queixas que este desaxuste entre titulacións motivou. Outro caso bastante clamoroso é o das persoas tituladas **no Grao en Odontoloxía** que, malia seguir sendo de cinco anos de duración, “quedan fóra” das catro especialidades da familia profesional de Sanidade que se convocan este ano e nas que si se contempla a **antiga licenciatura** como titulación concordante: **Procesos de diagnóstico clínico e produtos ortoprotésicos, Procesos**

Sanitarios, Procedementos Sanitarios e Asistenciais e Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico.

Así pois, instamos á Consellaría a revisar e a corrixir no DOG as disparidades detectadas entre titulacións porque estamos certos de que, na maior parte dos casos, as diferenzas existentes entre os plans de estudos pre e pos-Bolonia non xustifican as exclusións que vimos de mencionar. E, en todo caso, estamos ante unha situación que discrimina a certas persoas con respecto a outras por cuestión de idade, polo momento de finalización dos estudos universitarios e mesmo pola adaptación ou non ao Plan Bolonia das carreiras que posúen.

Problemas varios coa matrícula.

A aplicación sobre todo a de pagos ten eivas que hai que solucionar e ten que funcionar todos os días.

Outro erro no texto da convocatoria.

Debería corrixirse a redacción no apartado J do Anexo XI: Rúbricas de programación (PES). O título debería ser: Calidade da defensa/exposición oral.

Opcionalidade tamén para primaria.

A CIG-Ensino vén de remitirle un escrito ao Conselleiro para que tamén se inclúa a escolla entre dúas opcións na parte práctica da oposición ao corpo de mestres. Esta decisión suporía unha unificación de criterios da primeira proba para todos os corpos, xa que en anteriores convocatorias esta instrución non era homoxénea.

Concurso-oposición real.

Coincidindo con que nas próximas datas se vai celebrar o sorteo dos membros dos tribunais -que serán os encargados de vulgar este procedemento selectivo, agás da presidencia dos mesmos que, como sabemos a Consellaría seguirá nomeando a dedo-, instamos á administración a que vele porque se cumpra a normativa da convocatoria e este sexa un concurso-oposición real. Respectando en todo momento a imparcialidade e potestade que teñen os tribunais, o que está claro é que a tendencia dos últimos anos, sobre todo nas especialidades do corpo de Secundaria, amosa que practicamente chegan á fase do baremo de méritos as mesmas persoas que prazas ten que outorgar cada tribunal. Isto desvirtúa o nome do proceso selectivo que acaba sendo unha oposición pura e dura e, polo tanto, esperamos que este ano a fase de concurso sexa un paso máis no procedemento.

Substitucións.

Detectamos problemas coas continuidades das substitucións durante os períodos non lectivos, chegando a pedir “informes” ás direccións para continuar, esperemos que sexan casos puntuais, que reclamaremos, e que non se repita.

Conciliación.

Recentemente vimos de escoitar o anuncio do presidente Feijóo dun Plan de conciliación e corresponsabilidade no que se recolle para o funcionariado galego ampliación até as sete semanas do permiso para a outra persoa proxenitora, así como a implantación doutro permiso adicional de catro semanas que poderá coller tanto a nai como o outro proxenitor, con redución de retribucións. Como xa fixemos en Mesas anteriores instamos a que reúna a Mesa Xeral de Función Pública con carácter inmediato para negociar medidas de conciliación reais e efectivas e, no que ten a ver coas competencias propiamente da Consellaría de Educación, que se modifique a Orde de permisos e licenzas para estender os permisos por parto, adopción e acollemento e para a outra persoa proxenitora. Neste sentido, a CIG-Ensino mantén a súa proposta de ampliar en tempo o seu goce e de equiparar ambos os dous permisos, que serían intransferíbeis. Sabemos que hai outros territorios como Euskadi no que están implementando estas melloras e en Galiza precisamos dunha verdadeira mellora.

Coordinacións.

As coordinacións dos **centros plurilingües incompletos**, así como as de “**pluriinfantil**” van puntuar ou ao ser un centro incompleto non van puntuar? Esperemos que si puntúen, xa que sería pouco entendíbel que a todas as problemáticas destes centros se sumara esta diferenza.

Recoñecemento Servizos

Sabemos que a Consellaría está a traballar para actualizar o cómputo deses servizos mais o prazo que se fixara foi novembro e non se cumpriu. A xente que participa no CXT podía ter computados eses méritos e non os ten. Demandamos que se hai reclamacións se acepten e que, desde logo, estea todo listo para as oposicións. Non aceptarán reclamacións no CXT e procurarán telo feito para as oposicións.